


XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO



LETRAS GALEGAS
17 DE MAIO DE 2014

SeminarioGalán.org



1

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



ESTE ANO ADÍCASE O DÍA DAS LETRAS A XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO, AUTOR DUN ÚNICO LIBRO DE POEMAS, «NIMBOS». XOSÉ MARÍA FOI TRADUTOR DE POESÍAS AO GALEGO E MEMBRO «CORRESPONDENTE» DA REAL ACADEMIA GALEGA.

Seminario Galán.org


LETRAS GALEGAS, 2014



2

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



XOSÉ MARÍA NACEU O 19 DE FEBREIRO DE 1914 NA ALDEA DOS VILARES, NO CONCELLO LUGUÉS DE GUITIRIZ. A SÚA ALDEA ERA COÑECIDA COMO VILARIÑO DOS CREGOS PORQUE CHEGOU A HABER NOVE NAS TRES CASAS DO LUGAR.

Seminario Galán.org

LETRAS GALEGAS, 2014



3

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



A FAMILIA DE XOSÉ MARÍA ERA UNHA FAMILIA LABREGA CON CERTO NIVEL ECONÓMICO. NA SÚA CASA CONVIVÍAN OS PAIS, UNHA TÍA E OS CATRO IRMÁNS: ANTONIO, XOSÉ MARÍA, MARÍA E SERAFÍN.

Seminario Galán.org


LETRAS GALEGAS, 2014



4

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



A VIDA DE XOSÉ MARÍA ERA A DE TODO NENO LABREGO: COIDAR O GANDO, AXUDAR NAS FAENAS AGRÍCOLAS... NA CASA RECIBÍAN O XORNAL E CONTABAN CON ALGÚNS LIBROS.

Seminario Galán.org

LETRAS GALEGAS, 2014



5

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



TEN UN GRAN AMOR POLA NATUREZA O QUE LLE PERMITE COÑECER A FLORA E A FAUNA DA CONTOR-
NA. ESTES COÑECEMENTOS VANLLE SERVIR Á HORA DE COMPOÑER POEMAS.

Seminario Galán.org

LETRAS GALEGAS, 2014



6

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



OS SEUS PRIMEIROS ESTUDOS REALÍZAOS NA SÚA ALDEA, NA ESCOLA DA CONCHADA, QUE FORA CONSTRUÍDA COS CARTOS ENVIADOS POLOS VECIÑOS QUE TIVERAN QUE EMIGRAR A CUBA.

SeminarioGalán.org


LETRAS GALEGAS, 2014



7

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



DE NENO SALIENTOU COMO DECLAMADOR E CON DOCE ANOS GAÑOU UN PREMIO DE NARRACIÓN CUNHA HISTORIA SOBRE O AVIADOR RAMÓN FRANCO QUE CO SEU HIDROAVIÓN «PLUS ULTRA» CRUZOU O ATLÁNTICO SEN ESCALAS.

SeminarioGalán.org


LETRAS GALEGAS, 2014



8

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



AOS QUINCE ANOS DEIXA OS VILARES PARA TRASLADARSE A ESTUDAR, PARA CREGO, NO SEMINARIO DE MONDOÑEDO. ALÍ PASARÁ SETE ANOS E COÑECERÁ AO POETA GALEGO AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO, DO QUE SE FARÁ MOI AMIGO.

SeminarioGalán.org


LETRAS GALEGAS, 2014



9

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



NO SEMINARIO DE MONDOÑEDO COMEZA A COLLERLLE GUSTO Á POESÍA E A ESCRIBIR OS SEUS PRIMEIROS POEMAS, QUE SERÁN PUBLICADOS NO XORNAL «EL PROGRESO VILLALBÉS», DA LOCALIDADE DE LUCENSE DE VILALBA.

SeminarioGalán.org

LETRAS GALEGAS, 2014



10

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



AO SAÍR DO SEMINARIO VAI A VILAGARCÍA DE AROUSA A DAR CLASES DE LATÍN E DE INGLÉS. CON TRINTA E DOUS ANOS, EN 1946, RECIBE O PREMIO DOS XOGOS FLORAIS DE BETANZOS, CUNHA POESÍA EN GALEGO E OUTRA EN CASTELÁN.

SeminarioGalán.org


LETRAS GALEGAS, 2014



11

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



AOS CORENTA ANOS CASOU CON MARÍA TERESA ZUBIZARRETA, Á QUE COÑECERA DURANTE A GUERRA CIVIL, E COA QUE TIVO TRES FILLOS: JOSÉ MARI, MAITE E ÍÑIGO. CON ELES VIVE EN MADRID, ONDE TRABALLA COMO TRADUTOR.

SeminarioGalán.org

LETRAS GALEGAS, 2014



12

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



NO ANO 1961 A EDITORIAL GALAXIA PUBLÍCALLE «NIMBOS», NO QUE SE RECOLLEN POEMAS DE TODA A SÚA VIDA E NO QUE HAI QUE SALIENTAR O QUE LEVA POR TÍTULO «PENÉLOPE».

Seminario Galán.org


LETRAS GALEGAS, 2014



13

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



FOI NOMEADO MEMBRO DA REAL ACADEMIA GALEGA NO ANO 1973, AÍNDA QUE SÓ COMO «CORRESPONDENTE», XA QUE RESIDÍA FÓRA DE GALICIA E NON PODÍA ASISTIR ÁS REUNIÓN DESA INSTITUCIÓN.

Seminario Galán.org


LETRAS GALEGAS, 2014



14

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



EN MADRID SEGUIU TRABALLANDO, ATA A SÚA XUBILACIÓN, COMO TRADUTOR NO MINISTERIO DA GOBERNACIÓN E COORDINADOR DE TRADUTORES NO CONSELLO SUPERIOR DE INVESTIGACIÓNS CIENTÍFICAS.

Seminario Galán.org

LETRAS GALEGAS, 2014



15

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



EN AGOSTO DE 1984 PARTICIPOU NO ÚNICO RECITAL POÉTICO QUE DEU EN GALICIA, DENTRO DAS ACTIVIDADES CULTURAIS ORGANIZADAS POLA ASOCIACIÓN CULTURAL XERMOLOS, DE GUITIRIZ.

Seminario Galán.org

LETRAS GALEGAS, 2014



16

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO

CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



PENÉLOPE

Un paso adiante e outro atrás, Galiza,
e a tea dos teus sonhos non se move.
A esperanza nos teus ollos se espreguiza.
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos
che estrolla o sono mol coma unha uva.
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
e en sonos volves a escoitar a chuva.

Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron. Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén, ¡Xesús María!,
e toda cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados coma sono,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
¡Un paso adiante e outro atrás, Galiza!



«PENÉLOPE» É O POEMA MÁIS POPULAR, TRADUCIDO E EDITADO DE DÍAZ CASTRO E ESTÁ CUALIFICADO COMO A MELLOR DEFINICIÓN POÉTICA E A MÁIS FERMOsa DAS QUE SE FIXERON SOBRE GALICIA.

Seminario Galán.org

LETRAS GALEGAS, 2014